

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*RESOLUCIÓN do 11 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de cento cincuenta (150) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2019/20 nunha universidade galega (código de procedemento PR911A).*

A Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, así como as políticas de emigración e retorno en Galicia, segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do dito decreto desconcentra na persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, nos seus artigos 1.2 e 4.3, establece que a Comunidade Autónoma asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e a promoción da solidariedade entre todos os integrantes do pobo galego, configurando como un principio reitor da súa política social e económica facer efectivo o dereito das persoas galegas a vivir e traballar na súa propia terra.

No Consello da Xunta de Galicia do 12 de abril de 2018 aprobouse a «Estratexia Retorna 2020», que inclúe medidas tanto específicas como transversais, destinadas por un lado a rexuenerar a poboación galega e contribuír a superar a crise demográfica que atravesamos a comunidade e, por outra, facilitar o dereito dos emigrantes galegos e máis os seus descendentes a regresar a Galicia.

Dentro destas medidas da Estratexia Retorna recóllese como un dos obxectivos incentivar o retorno dos galegos do exterior favorecendo a súa incorporación ao sistema universitario de Galicia.



Con este programa de bolsas, a Secretaría Xeral da Emigración ofertalles aos/as galegos/as universitarios/as residentes no estranxeiro, a posibilidade de adquirir unha especialización académica de máster nunha universidade galega, coa finalidade de que amplíen a súa formación e adquiren competencias e habilidades que favorezan a súa inserción laboral e futuro profesional en Galicia con maiores garantías de éxito.

Os másteres ofertados intégranse nas áreas de Arte e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura; seleccionáronse en función das posibilidades dunha maior empregabilidade e son de interese para o desenvolvemento do sector produtivo industrial, de servizos, así como o da información e coñecemento de Galicia.

A través deste programa preténdese tamén que a sociedade galega se enriqueza cos coñecementos e experiencias profesionais internacionais que acheguen estes/as galegos/as con formación universitaria, que residiron ou naceron no estranxeiro, e que agora retornan a Galicia, ao mesmo tempo que se reforza a súa vinculación con esta comunidade autónoma.

Estas bolsas constitúen unha axuda económica para a realización destes estudos de máster en Galicia cunha duración dun curso académico (60-72 créditos ECTS) ou dun curso e medio (90 créditos ECTS). Os importes fixéronse en función dos gastos que deberán afrontar os/as bolseiros/as para poder acadar os obxectivos das bolsas, tendo en conta os gastos de desprazamento desde o seu país de residencia, as taxas administrativas e académicas de matrícula na universidade, así como o custo do aloxamento e manutención.

Para o desenvolvemento deste programa é primordial contar coa colaboración da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, así como das tres universidades galegas de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, mediante a súa participación na selección das persoas beneficiarias a través da súa presenza na comisión de valoración dos expedientes.

Para a avaliación da nota media dos expedientes académicos universitarios das titulacións obtidas no estranxeiro, aplicarase o establecido na Resolución do 18 de setembro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades do Ministerio de Educación e Formación Profesional de España, pola cal se actualiza a relación de escalas de cualificación dos estudos ou títulos universitarios estranxeiros e as equivalencias ao sistema de cualifica-



ción das universidades españolas, publicadas mediante as resolucións do 21 de marzo de 2016 e do 20 de xuño de 2016.

Por outra banda, dado que as persoas destinatarias das bolsas residen no estranxeiro e teñen que organizar o seu traslado a Galicia con antelación suficiente, co fin de que coñezan canto antes a súa concesión, prevese a tramitación do procedemento de concesión das bolsas pola vía de urxencia, polo que se reducen á metade cinco (5) días os prazos.

En virtude do exposto, no exercicio das competencias atribuídas no Decreto 76/2017, do 28 de xullo, e de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da referida Lei 9/2007, nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normativa de aplicación,

#### RESOLVO:

##### Artigo 1. *Obxecto e réxime das axudas*

1. Esta resolución ten por obxecto establecer as bases que regularán o procedemento de concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de cento cincuenta (150) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior, co fin de cursar determinados estudos de máster que se inicien no curso 2019/20 nunha universidade galega, condicionada aos límites de financiamento.

2. Os másteres universitarios ofertados para os que se concederán as bolsas son só os sinalados na lista do anexo I desta resolución, onde se recolle a universidade galega e o campus en que se imparten, así como o número de créditos ECTS de cada un deles.

3. Para a concesión destas bolsas é necesario que se acredite de xeito previo estar matriculado/a nun máster dos sinalados na dita lista do anexo I, nun mínimo de 60 créditos ECTS e modalidade presencial.

No caso de que algún dos másteres ofertados fora anulado pola universidade ou se retrasara o prazo de matrícula imposibilitando acreditar esta no prazo establecido nesta convocatoria, quedaría excluído da oferta desta convocatoria de bolsas.



4. Este procedemento habilitarase na Guía de procedementos e servizos co código PR911A.

#### Artigo 2. *Financiamento*

1. Esta convocatoria terá carácter plurianual e para a concesión destas subvencións destinarase un total de 1.290.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.480.3 –Bolsas excelencia mocidade exterior– dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2019 e 2020, por importe de 750.000 € para a anualidade 2019 e 540.000 € para a anualidade 2020. A concesión destas subvencións quedará condicionada aos ditos límites orzamentarios.

2. Este importe poderá ser ampliado nos casos establecidos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en función das maiores dispoñibilidades orzamentarias que se poidan producir na devandita aplicación.

#### Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán solicitar estas axudas os/as cidadáns/ás galegos/as residentes no exterior cunha titulación universitaria de grao, licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a, diplomado/a, arquitecto/a técnico/a ou enxeñeiro/a técnico/a.

2. Quedan excluídas desta convocatoria, as persoas que xa fosen beneficiarias e disfrutasen desta bolsa en anteriores convocatorias, así como aquelas persoas beneficiarias que causasen baixa ou renunciasesen a ela, sempre que o fixesen nun momento que imposibilitase cubrir a súa baixa cunha persoa da lista de suplentes.

#### Artigo 4. *Requisitos*

1. Requisitos que se deberán cumprir e acreditar no momento da presentación da solicitude:

- a) Ser menor de 40 anos.
- b) Estar en posesión da nacionalidade española.
- c) Residir no estranxeiro.



d) Acreditar un mínimo de dous anos de residencia no estranxeiro inmediatamente anteriores á data da presentación da solicitude.

e) Ser emigrante nacido/a en Galicia, ou ter residido en Galicia de forma continuada durante dez (10) anos con nacionalidade española antes de emigrar, ou ser descendente por consanguinidade dunha destas persoas e que nacesse no estranxeiro.

f) Ter rematado e estar en posesión dalgunha titulación universitaria de grao, arquitecto/a, enxeñeiro/a, licenciado/a, arquitecto/a técnico/a, diplomado/a, enxeñeiro/a técnico/a ou outra declarada equivalente de forma expresa.

g) No caso das persoas nadas no estranxeiro, estar vinculadas a un concello galego. Este requisito poderase acreditar con posterioridade, pero sempre antes de que remate o prazo de emenda de documentación preceptiva.

2. Requisito que se deberá cumprir e acreditar con carácter previo á concesión da bolsa:

– Estar matriculado/a no curso 2019/20 nun máster universitario dos ofertados nesta convocatoria e sinalados no anexo I desta resolución, dun mínimo de 60 créditos ECTS na modalidade presencial. Para os másteres cunha duración total de 90 créditos ECTS, a matrícula dos 30 créditos ECTS restantes, correspondentes ao curso 2020/21, realizarase e acreditarse no mes de setembro do ano 2020.

Para poderen acreditar o requisito sinalado no parágrafo anterior, de estar matriculado/a no curso 2019/20 nun máster universitario, as persoas solicitantes deben realizar con anterioridade o proceso de solicitude de admisión nun ou en varios másteres dos ofertados nesta convocatoria, nas universidades galegas que prefiran, coa antelación necesaria para poderen presentar o xustificante de matrícula. Cada universidade establece diferentes prazos de admisión e deben estar en contacto directo con elas para informarse dos programas de máster da súa área de interese, así como dos requisitos e da documentación que deben presentar.

Para estes efectos, para ser admitido/a nunha universidade, no caso de títulos estranxeiros de estudos de países alleos ao Espacio Europeo de Educación Superior (EEES), debe-rase tramitar a solicitude de equivalencia na universidade galega onde se pretenda cursar o máster. Non será necesario no caso de que o título estea xa homologado a un título univer-



sitario oficial español ou a outro expedido por unha institución de educación superior pertencente a outro estado membro do EEES e que faculden para o acceso a estudos de máster.

Esta admisión por parte das universidades non implicará, en ningún caso, a homologación do título estranxeiro de que estea en posesión a persoa interesada nin o seu recoñecemento para outros efectos que non sexan os de cursar os estudos de máster.

#### Artigo 5. *Período de desfrute*

As bolsas terán a duración correspondente aos cursos académicos necesarios para a realización da totalidade dos créditos de que conste o máster:

– Os másteres de 60 ou 72 créditos ECTS, que equivalen a un curso académico, o período de desfrute será o curso académico 2019/20.

– Os másteres de 90 créditos ECTS, que equivalen a un curso académico e medio, o período de desfrute será, ademais do sinalado no parágrafo anterior, o curso académico 2020/21.

O desfrute da bolsa estará condicionado a que se imparta o título oficial de máster para o cal se realizou a matrícula.

#### Artigo 6. *Dotación e compatibilidade*

1. A dotación total da bolsa para a realización do máster nunha universidade galega será a seguinte, segundo a súa duración e o país de procedencia do solicitante:

Dotación total da bolsa:

Nº de créditos ECTS	Nº de cursos	Europa	Resto países
60-72	1	7.000 €	7.650 €
90	1,5	10.500 €	11.475 €

2. Coa contía asignada, o/a beneficiario/a deberá afrontar todos os gastos que se xeren para poder realizar o máster. En concreto:

- Gastos de preinscrición, administrativos e de matrícula na universidade.
- Viaxe desde o seu país de procedencia.



c) Aloxamento e manutención en Galicia.

d) Subscrición dun seguro médico, de ser o caso.

3. Esta bolsa é incompatible con calquera outra bolsa ou axuda financiada por calquera Administración, institución ou ente público para cursar os estudos de máster oficial.

#### Artigo 7. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado, que figura como anexo II desta resolución a título informativo, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Dada a súa condición de titulados/as universitarios/as e as especiais circunstancias que se poderían presentar nos países en que residen, establécese a obrigatoriedade de relacionarse exclusivamente por medios electrónicos para a tramitación deste procedemento de conformidade co establecido no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 31 da Lei 2/2007, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

As persoas solicitantes deberán cubrir os campos do formulario que figuren na aplicación informática e incorporar os documentos requiridos no artigo 9 desta resolución. Rematado este proceso deberán confirmar a solicitude, que comportará a súa presentación e procederáse á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia. Unha vez confirmada a solicitude, non poderán ser modificados ningún dos datos cubertos no formulario.

2. Dentro deste formulario, deberán cubrir:

a) A declaración do máster ou másteres e universidades correspondentes en que solicitou ou vai solicitar a súa admisión dos ofertados nesta convocatoria.

b) A memoria de motivación para realizar un máster en Galicia, importancia para á súa propia especialización académica e interese de desenvolver a súa carreira profesional nesta comunidade autónoma.

3. As persoas solicitantes residentes en Cuba e que así o desexen poderanse dirixir á Federación de Sociedades Galegas na Habana, na cal existen persoas habilitadas para o efecto, para a presentación electrónica das súas solicitudes.



A utilización desta vía requirirá unha autorización que a persoa solicitante lle outorga á persoa responsable da entidade colaboradora para que remita a súa solicitude vía electrónica, incluída no formulario de solicitude (anexo II).

4. A presentación da solicitude da bolsa implicará a aceptación do disposto na presente resolución e responsabilizarse, de acordo co establecido no artigo 28.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, da veracidade dos documentos presentados; será unha infracción grave falsear calquera das condicións requiridas para a obtención da subvención solicitada, de acordo co artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. Para calquera información adicional, os/as interesados/as poderanse dirixir ao correo electrónico: [retorno.emigracion@xunta.gal](mailto:retorno.emigracion@xunta.gal).

#### Artigo 8. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o día 30 de abril de 2019 ás 23.59 horas (hora peninsular española).

#### Artigo 9. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán presentar vía electrónica xunto coa solicitude a seguinte documentación:

a) Pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade e nacionalidade española para as persoas solicitantes que non teñan DNI (documento nacional de identidade español).

b) Documentación acreditativa da residencia actual no estranxeiro.

c) Documentación xustificativa do tempo de residencia no estranxeiro durante un mínimo de dous anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

d) Documentación acreditativa da súa vinculación con Galicia: nacemento en Galicia, ou da residencia nesta comunidade autónoma de xeito continuado durante dez (10) anos con





nacionalidade española antes de emigrar ou, de ser o caso, ser descendentes dalgunha destas persoas e do seu nacemento no estranxeiro.

e) Para as persoas solicitantes nadas no estranxeiro, documentación acreditativa da súa vinculación cun concello galego no Padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE), ou calquera outra documentación acreditativa deste aspecto.

f) Título universitario que dea acceso ao máster ou certificado que acredite que o título está en trámite.

g) Certificado do expediente académico de finalización de estudos universitarios:

1) No caso de titulacións españolas, deben presentar o certificado do expediente académico do título universitario realizado no cal conste a nota media na escala numérica de 0-10.

2) No caso de titulacións obtidas no estranxeiro:

2.1) Certificado do expediente académico ou histórico escolar no cal conste a nota mínima aprobatoria nesa titulación, así como as materias cursadas na totalidade dos cursos coas cualificacións obtidas, especificando, de ser o caso, o número de créditos de cada asignatura.

2.2) Documento de declaración de equivalencia das notas medias de estudos e títulos universitarios realizados no estranxeiro aos correspondentes españois, que se realizará en liña a través da sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional de España.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderalle requirir á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos cales se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.



3. A documentación complementaria deberase presentar electrónicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica.

Para estes efectos, considerarase data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As copias de documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

5. A Secretaría Xeral da Emigración poderá requirir calquera outra documentación ou dato adicional que considere necesario para completar o expediente ou para unha mellor valoración del.

6. Todos os documentos que se acheguen deberán ser oficiais e estar expedidos polas autoridades competentes, de acordo co ordenamento xurídico do país de que se trate. Cando os documentos achegados ao expediente polas persoas solicitantes estean nun idioma distinto do galego ou do español, deberase presentar tradución deles en calquera destes idiomas.

#### Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos no seguinte documento elaborado pola Administración pública:

– DNI da persoa solicitante, de ser o caso.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar o documento correspondente.



3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación do documento correspondente.

#### Artigo 11. *Publicación dos actos*

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución pola cal se resolve a convocatoria destas bolsas coas listas de persoas beneficiarias, suplentes, reservas, así como a lista de solicitudes denegadas.

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Secretaría Xeral da Emigración (<http://www.emigracion.xunta.gal>) as seguintes listas: as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas, a lista de emenda da declaración de equivalencia, as listas da proposta de resolución definitiva de admitidos, suplentes e excluídos, así como a lista de persoas beneficiarias das bolsas, suplentes, reservas e de solicitudes denegadas.

Estas publicacións tanto no DOG como na páxina web da Secretaría Xeral da Emigración producirán efectos de notificación aos interesados.

#### Artigo 12. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio realizarase de xeito electrónico a través da aplicación accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

#### Artigo 13. *Órganos competentes e instrución do procedemento*

1. A Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa e do Retorno será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das bolsas e corresponde ao secretario xeral da Emigración ditar a correspondente resolución.

2. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas estas e a documentación complementaria, a Secretaría Xeral da Emigración publicará as listas provisionais de solicitudes admitidas e as excluídas, con indicación da causa de exclusión.



3. As persoas excluídas disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao desta publicación na páxina web, para emendar a falta ou achegar os documentos preceptivos. Transcorrido este prazo sen que se emenden os erros ou se achegue a documentación preceptiva, considerarase que a persoa interesada desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### Artigo 14. *Comisión de valoración*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria, de acordo cos criterios obxectivos fixados no seguinte artigo.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa e do Retorno ou persoa que designe.

b) Vogais:

– A persoa titular da Subdirección Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, ou persoa que designe.

– Os/as vicerreitores/as das tres universidades galegas competentes na materia ou persoas que designen.

– Un/unha funcionario/a ou persoal laboral da Secretaría Xeral da Emigración.

c) Secretaría: un/unha funcionario/a ou persoal laboral da Secretaría Xeral da Emigración.

3. A comisión de valoración constituirase na sede da Secretaría Xeral da Emigración. O seu funcionamento rexerese polo disposto na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia.

4. Todos os membros terán dereito a voto.



**Artigo 15. Criterios de avaliación e procedemento de selección**

1. Para a concesión das bolsas realizarase unha comparación entre as solicitudes presentadas que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria e establecerase unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración que se determinan a seguir.

2. A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados documentalmente. A puntuación máxima será de 23 puntos puntos conforme o seguinte baremo:

a) Nota media do expediente académico do título universitario que dá acceso ao máster: ata 20 puntos.

b) Vinculación con Galicia: ata 3 puntos.

1) Nacido/a en Galicia ou que residise en Galicia de forma continuada durante dez (10) anos antes de emigrar: 3 puntos.

2) Fillos/as dos sinalados no punto anterior nados no estranxeiro: 2 puntos.

3) Netos/as, bisnetos/as e demais descendentes das persoas sinaladas no punto b.1): 1 punto.

3. Para a verificación da declaración de equivalencia da nota media de estudos e títulos universitarios realizados no estranxeiro aos correspondentes españois, a Secretaría Xeral da Emigración poderá designar unha subcomisión como órgano asesor técnico que comprobará e revisará os datos consignados na declaración cos do expediente académico e nos casos de que existan contradicións, recalculará de oficio a declaración efectuada, seguindo en todo caso as instrucións establecidas na Resolución de 18 de setembro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades do actual Ministerio de Educación e Formación Profesional de España.

No caso de que faltase documentación necesaria para a verificación da declaración de equivalencia, poderase requirir documentación adicional ou aclaracións en relación cos méritos presentados, mediante a publicación a través da páxina web da Secretaría Xeral da Emigración, para que no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación, acheguen a documentación necesaria ou realicen as aclaracións



oportunas. Transcorrido este prazo sen que acheguen a documentación necesaria ou realicen as aclaracións, a nota media equivalente á española que outorgará a subcomisión será de cinco (5) puntos.

Unha vez rematadas estas tarefas de comprobación e de recalculation, a subcomisión realizará unha proposta que elevará á comisión de valoración co resultado desta verificación.

4. Á vista, de ser o caso, da proposta da subcomisión de valoración da verificación das notas medias e unha vez avaliados o resto dos méritos acreditados documentalmente, a comisión de valoración emitirá un informe no cal se concretará o resultado da avaliación efectuada establecendo unha orde das persoas solicitantes segundo as puntuacións outorgadas. Para o caso de empate na puntuación obtida, daráselle prioridade a quen teña unha nota media máis alta no expediente académico, en segundo lugar, á maior vinculación con Galicia e, en terceiro lugar, á maior idade da persoa solicitante.

O informe emitido pola comisión recollerá unha lista cun máximo de 300 persoas solicitantes que quedasen clasificadas nas primeiras posicións e que continúan no proceso de selección e outra lista na cal figurarán o resto das persoas solicitantes que quedan excluídas por non acadar o número de orde que lles permita continuar no proceso de selección.

#### Artigo 16. *Resolución*

1. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, formulará a correspondente proposta de resolución definitiva coas listas de persoas admitidas, suplentes e excluídas que terán, de ser o caso, a seguinte distribución:

a) Lista dos 150 candidatos que obtiveran a maior puntuación que serán propostos como admitidos definitivos.

b) Lista dun máximo dos seguintes 150 candidatos clasificados que serán propostos como suplentes.

c) Lista do resto de candidatos excluídos porque, cumprindo os requisitos exixidos na convocatoria, non acadaron un número de orde que lles permita continuar no proceso de selección.

d) Lista de solicitantes excluídos por non acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos na convocatoria.



A proposta de resolución definitiva notificaráselles ás persoas interesadas mediante a súa publicación na paxina web da Secretaría Xeral da Emigración para que, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación, presenten as alegacións oportunas.

Así mesmo, a partir do día seguinte ao desta publicación, as persoas que figuran na lista de admitidos definitivos e na de suplentes teñen de prazo ata o día 9 de agosto de 2019, ás 23.59 horas (hora peninsular española), para acreditar estar matriculadas nun máster dos recollidos no anexo I, mediante a achega do xustificante de matrícula.

As 150 persoas da lista de admitidos definitiva, sempre que acrediten estar matriculadas nun máster dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior, pasarían a ser beneficiarias da bolsa. Do mesmo xeito, as persoas que figuran na lista de suplentes, sempre que acrediten estar matriculadas neste mesmo prazo, poderían chegar a ser adxudicatarias da bolsa no caso de que houbera vacantes porque persoas da lista de admitidos definitiva non se matriculasen.

2. O órgano instrutor, á vista do expediente, das alegacións e unha vez presentados os xustificantes da matrícula nos másteres, realizará unha proposta de resolución de cento cincuenta (150) persoas que resultarían beneficiarias da bolsa e ata un máximo de trinta (30) persoas que serían suplentes, quedando o resto de persoas solicitantes excluídas, que elevará á persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración quen ditará a resolución co seguinte contido:

a) Lista de persoas beneficiarias das bolsas.

Formada por un máximo de cento cincuenta (150) persoas e corresponderanse con aquelas que obtivesen as maiores puntuacións e tivesen xustificada a súa matrícula nun máster dos ofertados nesta convocatoria. Na dita resolución indicárase o máster que realizarán nas universidades correspondentes e os importes concedidos.

Non se poderá modificar o máster para o que se adxudica a bolsa coa excepción do suposto previsto no artigo 19.2 desta resolución.

b) Lista de suplentes.

Formada ata un máximo das seguintes trinta (30) persoas segundo a puntuación outorgada, que acreditasen tamén estar matriculadas nun máster para cubrir as renuncias



ou baixas que puideran producirse dalgunha persoa adxudicataria da bolsa. Neste caso, acordarase a adxudicación da bolsa ao solicitante desta lista de suplentes que lle corresponda segundo a orde de puntuación, quen, unha vez comunicada, deberá expresar no prazo de 48 horas a súa aceptación ou renuncia, transcorrido este prazo sen comunicar a aceptación entenderase que renuncia a ela.

c) Lista de reserva.

Sempre e cando queden bolsas sen adxudicar ou a lista de suplentes non sexa suficiente para cubrir as posibles renuncias, poderase establecer unha lista de reserva para aquelas persoas que no prazo establecido no artigo 16.1 aínda non acreditasen estar matriculadas nun máster. Neste caso, deberán achegar o xustificante de matrícula como data límite o día 20 de setembro de 2019, ás 23.59 horas (hora peninsular española).

d) Lista de solicitudes denegadas.

Formada polas persoas que non acreditaron reunir algún ou algúns dos requisitos exixidos nesta convocatoria e polas que non acadaron un número de orde que lles permita formar parte das listas de persoas beneficiarias ou suplentes.

4. Non obstante o anterior, a resolución de concesión estará condicionada á existencia de crédito suficiente para os distintos exercicios orzamentarios.

5. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o secretario xeral da Emigración no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 17. *Aceptación ou renuncia*

1. A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para o cal se poderá utilizar o modelo do anexo III.





2. No caso de que se comunicase a renuncia, o órgano competente para resolver ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. No caso de que as persoas adxudicatarias renunciem á bolsa ou causen baixa por calquera outro motivo, poderán ser substituídas pola persoa seguinte en orde de puntuación que figure na lista de suplentes ou, na súa falta, na lista de reserva.

#### Artigo 18. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ás persoas interesadas será de seis meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 19. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Nos casos en que algún máster dos ofertados nesta convocatoria de bolsas non se imparta por decisión da universidade correspondente, as persoas matriculadas e beneficiarias delas poderán solicitar unha modificación da resolución de concesión e cambiar o máster para o cal se lles concedeu a bolsa, sempre que acreditasen estar matriculadas noutro dos ofertados nesta convocatoria e que teña o mesmo número de créditos que o máster inicialmente concedido.

3. Nos casos en que a persoa beneficiaria da bolsa, por causas excepcionais persoais ou familiares, non supere as materias que lle permita acreditar a porcentaxe de créditos exixidos para ter dereito ao segundo pagamento, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación de prazo ata final de curso para presentar o resultado das cualificacións académicas que acredite que superou a porcentaxe do 60 % dos créditos cursados no primeiro cuadrimestre.



Así mesmo, naqueles casos que polas mesmas causas excepcionais, a persoa beneficiaria non supere a totalidade dos créditos do máster no curso ou cursos académicos previstos nesta convocatoria poderá solicitar unha ampliación do período de desfrute durante o seguinte curso académico co obxecto de rematar o máster.

4. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se lle dará audiencia á persoa interesada.

*Artigo 20. Xustificación e pagamento da bolsa.*

1. O pagamento da bolsa farase unha vez publicada a resolución de concesión das bolsas no DOG e logo da chegada a Galicia e da incorporación ás actividades do máster.

2. O aboamento realizarase en dous ou tres pagamentos en función do número de créditos de que conste o máster.

a) O aboamento da bolsa dos másteres de 60 créditos ECTS (un curso académico) realizarase en dous pagamentos:

1) No primeiro prazo aboarase un importe de cinco mil euros (5.000 euros), deberase achegar como data límite o día 31 de outubro de 2019 a seguinte documentación:

– Xustificante que acredite a realización da viaxe.

– Certificación da conta bancaria aberta en España na cal figure como titular.

– Declaración responsable de non ter débedas pendentes coa Administración tributaria estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social e declaración de que non ten concedidas outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos (anexo IV).

2) No segundo prazo aboarase o importe restante da bolsa concedida (2.000 euros para persoas procedentes de Europa e 2.650 euros para o resto de países), deberase achegar como data límite o día 30 de abril de 2020 a seguinte documentación:

– O resultado das cualificacións académicas obtidas no primeiro cuadrimestre, no cal debe acreditar que se superaron o 60 % dos créditos cursados nese cuadrimestre.



– Declaración responsable de non ter débedas pendentes coa Administración tributaria estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social e declaración de que non ten concedidas outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos (anexo IV).

b) O aboamento da bolsa dos másteres de 90 créditos ECTS (un curso e medio académico) realizarase en tres pagamentos:

1) Os dous pagamentos, correspondentes ao curso 2019/20, faranse do mesmo xeito recollido para os másteres de 60-72 créditos ECTS (un curso académico).

2) O terceiro pagamento, correspondente ao curso 2020/21, 30 créditos ECTS (medio curso académico), será dun importe de 3.500 euros para persoas procedentes de Europa e 3.825 euros para o resto de países. Para este terceiro pagamento deberán achegar como data límite o día 30 de outubro de 2020 a seguinte documentación:

– Xustificante que acredite a realización da matrícula no máster para os créditos do curso 2020/21.

– O resultado das cualificacións académicas obtidas no curso anterior no cal debe acreditar que se superaron o 80 % dos créditos.

– Declaración responsable de non ter débedas pendentes coa Administración tributaria estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social e declaración de que non ten concedidas outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos (anexo IV).

Data límite de achega de documentación xustificativa	1º pagamento		2º pagamento		3º pagamento		Total	
	31.10.2019	30.4.2020	30.10.2020					
Nº de créditos ECTS	Europa	Resto países	Europa	Resto países	Europa	Resto países	Europa	Resto países
60-72	5.000 €	2.000 €	2.650 €				7.000 €	7.650 €
90	5.000 €	2.000 €	2.650 €	3.500 €	3.825 €		10.500 €	11.475 €

3. A non presentación da documentación nos prazos establecidos poderá comportar a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da bolsa, a exixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións.



**Artigo 21. Obrigas das persoas beneficiarias**

As persoas beneficiarias das bolsas quedan obrigadas a:

a) Incorporarse ao máster na universidade correspondente e residir durante o curso académico completo na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Destinar a axuda á finalidade para a cal se concede, asistir as actividades lectivas en que se atope matriculada e non anular a matrícula.

c) Superar a totalidade dos créditos no curso ou cursos académicos para os que se concede a bolsa, excepto nos casos excepcionais en que á persoa beneficiaria se lle ampliase o período de desfrute, segundo o previsto no artigo 19.3.

d) Informar sobre as súas actividades académicas e achegar o expediente académico co resultado das cualificacións obtidas ao rematar cada cuadrimestre e un informe do coordinador/a ou titor/a do máster ao rematar o primeiro cuadrimestre do curso.

e) Comunicar o enderezo para efecto de notificacións, correo electrónico e teléfono de contacto en Galicia, así como os cambios que se poidan producir neles.

f) Comunicar por escrito á Secretaría Xeral da Emigración a renuncia á bolsa, así como calquera modificación substancial que afecte as condicións desta.

g) Abrir unha conta bancaria en España na cal figure como titular.

h) Responsabilizarse da busca de aloxamento en Galicia e da xestión da viaxe.

i) Aquelas persoas que non posúan algún tipo de cobertura sanitaria durante o tempo que dure a súa estancia en Galicia, deberán subscribir unha póliza de seguro de asistencia sanitaria privada.

j) Participar nas accións de fomento do emprego ou de inserción laboral que se desenvolvan nesta comunidade autónoma.

k) Asistir ás reunións ou actividades que organice a Secretaría Xeral da Emigración para o desenvolvemento do programa.



l) Someterse aos requisitos legais e regulamentarios que recolle a normativa xeral de aplicación ás axudas e subvencións de Galicia, en concreto ás recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás actuacións de comprobación que respecto da xestión de fondos pode efectuar o departamento que concede a subvención, ás de control financeiro que realice a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e aos procedementos fiscalizadores do Consello de Contas e do Tribunal de Contas.

m) Comunicarlle á Secretaría Xeral da Emigración a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

n) Subministrar á Secretaría Xeral da Emigración, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte Secretaría Xeral da Emigración das obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 22. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

1. O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións e obrigas establecidas nesta resolución e demais normas aplicables poderá constituír causa determinante de perda de dereito ou do reintegro total ou parcial das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora que lle poidan corresponder en cada caso, en aplicación do disposto no artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De acordo co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes:

– O incumprimento total dos fins para os cales se concede a subvención ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida xunto cos xuros de demora que procedan de acordo co previsto no artigo 34 da Lei de subvencións de Galicia. En particular terá a consideración de incumprimento total a falta de superación do 60 % dos créditos do máster dentro do período de desfrute da bolsa.

– Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a axuda e poderá dar lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora que procedan



de acordo co previsto no artigo 34 da Lei de subvencións de Galicia. En particular, no caso dos beneficiarios aos cales se lles aboara a totalidade da axuda por ter superado as porcentaxes mínimas de créditos previstas no artigo 20 pero que non superasen o 100 % dos créditos do máster dentro do período de desfrute da bolsa, o importe que se reintegrará será proporcional ao número de créditos das materias non superados.

2. Procederá a devolución íntegra das cantidades percibidas cando se obteña a bolsa sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou se falseen ou oculten feitos ou datos que motivaron a súa concesión.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nesta resolución seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 23. *Devolución voluntaria da bolsa*

De acordo co establecido no artigo 64 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a persoa beneficiaria poderá realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta de Abanca ES82 2080 0300 87 3110063172, en concepto de devolución voluntaria da subvención. O importe da devolución incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei de subvencións de Galicia, ata o momento en que se produza a devolución efectiva por parte da persoa beneficiaria.

En todo caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

#### Artigo 24. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Secretaría Xeral da Emigración, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas así no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. Así mesmo comunicaranse os datos ás universidades, coa finalidade da tramitación, resolución e de comprobación do cumprimento das obrigas dos beneficiarios neste procedemento de bolsas.

Co fin de darlle a publicidade exigida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

A persoa solicitante deberá indicar na solicitud que presta o seu consentimento para que lle sexa remitida información doutros programas ou futuras accións promovidas pola Secretaría Xeral da Emigración.

#### Artigo 25. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o órgano ou entidade responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial as persoas beneficiarias, e o importe das



axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren imponse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 26. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta resolución.

#### Artigo 27. *Recursos*

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019

Antonio Rodríguez Miranda  
Secretario xeral da Emigración





## ANEXO I

Denominación do máster	Universidade onde se imparte			Número de créditos ECTS
	Universidade da Coruña UDC	Universidade de Santiago de Compostela USC	Universidade de Vigo UVIGO	
	Campus	Campus	Campus	
<b>Artes e Humanidades</b>				
Servizos Culturais		Lugo		60
Tradución Multimedia			Vigo	60
Tradución para a Comunicación Internacional			Vigo	60
<b>Ciencias</b>				
Acuicultura	A Coruña	Santiago	Vigo	90
Biodiversidade Terrestre: caracterización, conservación e xestión	A Coruña	Santiago	Vigo	90
Bioloxía Mariña	A Coruña	Santiago	Vigo	90
Bioteconoloxía Avanzada	A Coruña		Vigo	90
Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental			Ourense	60
Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental	A Coruña			60
Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento		Santiago		90
Física		Santiago		60
Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias		Lugo		90
Investigación Química e Química Industrial	A Coruña	Santiago	Vigo	60
Matemáticas		Santiago		60
Química Orgánica		Santiago		60
Técnicas Estatísticas	A Coruña	Santiago	Vigo	90
<b>Ciencias da Saúde</b>				
Asistencia e Investigación Sanitaria	A Coruña			60
Atención Sanitaria, Xestión e Coidados		Santiago		60
Discapacidade e Dependencia	A Coruña			60
Investigación Biomédica		Santiago		60
Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos		Santiago		60



Denominación do máster	Universidade onde se imparte			Número de créditos ECTS
	Universidade da Coruña UDC	Universidade de Santiago de Compostela USC	Universidade de Vigo UVIGO	
	Campus	Campus	Campus	
Nutrición			Ourense	60
Xenómica e Xenética		Lugo	Vigo	60
Xerontoloxía	A Coruña	Santiago		90
Ciencias Sociais e Xurídicas				
Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa			Vigo	60
Comercio Internacional			Vigo	60
Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais			Pontevedra	60
Contabilidade Superior e Auditoría de Contas	A Coruña			60
Desenvolvemento Económico e Innovación		Santiago		60
Dirección de Actividades Educativas na Natureza		Lugo		60
Dirección de Empresas		Lugo		60
Dirección de Empresas		Santiago		60
Dirección de Pemes (Pequenas e Medianas Empresas)			Vigo	60
Dirección e Administración de Empresas	A Coruña			60
Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde			Ourense	60
Dirección e Xestión Contable e Financeira		Santiago		60
Finanzas			Vigo	60
Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde	A Coruña		Pontevedra	60
Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario		Santiago		60
Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social			Vigo	60
Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos	A Coruña			90
Prevención de Riscos Laborais e Riscos Comúns	Ferrol			60
Psicoloxía Aplicada	A Coruña			60



Denominación do máster	Universidade onde se imparte			Número de créditos ECTS
	Universidade da Coruña UDC	Universidade de Santiago de Compostela USC	Universidade de Vigo UVIGO	
	Campus	Campus	Campus	
Psicopedagogía	A Coruña			60
Socioloxía Aplicada: Investigación Social de Mercados	A Coruña			90
Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas		Santiago		60
Xestión do Desenvolvemento Sostible			Vigo	60
Xestión e Dirección Laboral	Ferrol	Santiago	Vigo	60
Xestión Empresarial do Deporte			Ourense	60
<b>Enxeñaría e Arquitectura</b>				
Bioinformática para Ciencias da Saúde	A Coruña			90
Ciberseguridade	A Coruña		Vigo	90
Computación de Altas Prestacións-High Performance Computing	A Coruña	Santiago		60
Dirección de Proxectos		Lugo		60
Dirección Integrada de Proxectos	A Coruña			60
Edificación Sostible	A Coruña			60
Eficiencia e Aproveitamento Enerxético	Ferrol			72
Enerxía e Sostibilidade			Vigo	60
Enxeñaría Ambiental		Santiago		90
Enxeñaría da Automoción			Vigo	60
Enxeñaría Informática	A Coruña			90
Enxeñaría Química e Bioprocesos		Santiago		90
Matemática Industrial	A Coruña	Santiago	Vigo	90
Mecatrónica			Vigo	60
Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos non Tripulados		Lugo	Ourense	60
Prevención de Riscos Laborais			Vigo	60
Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica			Vigo	60
Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data		Santiago		60




**ANEXO II**

PROCEDEMENTO		CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR CO FIN DE CURSAR ESTUDOS DE MÁSTER QUE SE INICIEN NUNHA UNIVERSIDADE GALEGA		<b>PR911A</b>	<b>SOLICITUDE</b>

  

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ. ANDAR PORTA
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	PAIS	SEXO
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
DATA DE NACEMENTO	PAÍS DE NACEMENTO	PROVINCIA DE NACEMENTO	CONCELLO DE NACEMENTO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (cubrir só no caso de actuar con representante, deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE
-------------------	------------------	-----------------	---------------

  

**TIPO DE PERSOA SOLICITANTE**

Emigrante nacida en Galicia

Emigrante non nacida en Galicia, pero que residiu en Galicia de forma continuada durante dez (10) anos con nacionalidade española antes de emigrar

Descendente por consanguinidade de emigrante nacida ou que residise dez (10) anos en Galicia. Indíquese o parentesco: \_\_\_\_\_

**OUTROS DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

1. País de residencia actual: \_\_\_\_\_

2. Tempo de residencia continuada no estranxeiro (nº anos; nº meses): \_\_\_\_\_; \_\_\_\_\_

3. Titulación universitaria: \_\_\_\_\_

4. País da titulación universitaria: \_\_\_\_\_

4.1. Para titulación española: nota media do expediente académico (escala 0-10): \_\_\_\_\_

4.2. Para titulación non española: a) nota mínima aprobatoria: \_\_\_\_\_  
 b) nota media equivalente á española obtida en liña a través da sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional de España (escala 0-10): \_\_\_\_\_

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA QUE SOLICITOU OU VAI SOLICITAR A SÚA ADMISIÓN NOS SEGUINTE MÁSTERES DOS OFERTADOS NESTA CONVOCATORIA**

Nº	NOME DO MÁSTER	UNIVERSIDADE	CAMPUS	Nº CRÉDITOS
1.				
2.				
3.				
4.				
5.				
6.				

**MEMORIA DE MOTIVACIÓN**  
 A persoa solicitante deberá expoñer os motivos para realizar o máster en Galicia e o seu interese en desenvolver a súa carreira profesional nesta comunidade autónoma (máximo 2.000 caracteres).




**ANEXO II**  
 (continuación)

**AUTORIZACIÓN**

A persoa solicitante e residente en Cuba autoriza a persoa habilitada para o efecto da Federación de Sociedades Galegas en Cuba para a presentación electrónica desta solicitude.

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo concepto para o cal se solicita a bolsa.  
 Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo concepto para o cal se solicita esta bolsa, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMOS	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos e que reúne todos os requisitos exixidos na convocatoria.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pago de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Que autoriza a Secretaría Xeral da Emigración para ceder os datos persoais ás universidades do Sistema universitario de Galicia, así como a aqueles organismos do sector público e aos distintos axentes necesarios na tramitación deste programa.

7. Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

- Pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade e nacionalidade española para as persoas solicitantes que non teñan DNI español.  
 Documentación acreditativa da residencia actual no estranxeiro.  
 Para as persoas solicitantes nadas no estranxeiro, documentación acreditativa da súa vinculación cun concello galego no Padrón de Españoles Residentes no Estranxeiro (PERE), ou calquera outra documentación acreditativa deste aspecto.  
 Documentación xustificativa do tempo de residencia no estranxeiro durante un mínimo de dous anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

**DOCUMENTACIÓN PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da súa vinculación con Galicia: nacemento en Galicia, ou da residencia nesta comunidade autónoma de xeito continuado durante dez anos con nacionalidade española antes de emigrar ou, de ser o caso, ser descendente dalgunha destas persoas sempre que se nacera no estranxeiro.			
<input type="checkbox"/> Título universitario ou certificado que acredite que o título está en trámite.			
<input type="checkbox"/> Certificado do expediente académico de finalización de estudos universitarios ou histórico escolar.			
<input type="checkbox"/> No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, documento de declaración de equivalencia das notas medias de estudos e títulos universitarios realizados no estranxeiro aos correspondentes españois, que se realizará en liña a través da sede electrónica do Ministerio de Educación y Formación Profesional de España			

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

DNI da persoa solicitante, de ser o caso

OPÓÑOME Á CONSULTA  
o

Presto o meu consentimento para que me sexa remitida información doutros programas ou futuras accións promovidas pola Secretaría Xeral da Emigración: SI  / NON



ANEXO II  
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da súa información e dos seus contidos.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. Así mesmo comunicaranse os datos ás universidades, coa finalidade da tramitación, resolución e de comprobación do cumprimento das obrigas dos beneficiarios neste procedemento de bolsas.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a> .
<b>Actualización normativa:</b> no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán, en todo caso, aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

## LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 11 de febreiro de 2019, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de cento cincuenta (150) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2019/20 nunha universidade galega (código de procedemento PR911A).

## SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data				
	,	de	de	



Secretaría Xeral da Emigración





## ANEXO III

## RENUNCIA

PR911A - BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR CO FIN DE CURSAR ESTUDOS DE MÁSTER QUE SE INCIEN NUNHA UNIVERSIDADE GALEGA

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

## A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

Que en relación coa bolsa concedida RENUNCIA á devandita bolsa.

## SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,	de		de	
--	---	----	--	----	--



Secretaría Xeral da Emigración

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS





## ANEXO IV

## DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS

PR911A - BOLSAS EXCELENCIA MOCIDADE EXTERIOR CO FIN DE CURSAR ESTUDOS DE MÁSTER QUE SE INICIEN NUNHA UNIVERSIDADE GALEGA

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/PASAPORTE

## A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta bolsa.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta bolsa, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMOS	IMPORTE SOLICITADO (€)	IMPORTE CONCEDIDO (€)

2. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

## SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

--	--	--	--

Lugar e data

	,	de		de	
--	---	----	--	----	--



Secretaría Xeral da Emigración

